<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día). - Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos). - Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación. - Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos). - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.). - Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

Contidos

- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Il fait beau	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Extraer cando menos o 50% do sentido global moi evidente e da información máis elemental.		
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	De forma guiada, recoñecer e facer un uso suficiente de estratexias básicas de comprensión en textos moi elementais.	PE	28
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección suficiente (50%) formularios e documentos moi básicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Ter consciencia dalgunhas estratexias e aplicarlas na súa maioría de forma guiada.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar de xeito comprensible e cun grado de corrección do 40% o proceso de produción de textos e de inferencia de significados.		
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.	Comprender cando menos o 50% de descrições, narracións, instrucións moi elementais.		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos moi elementais intelixibles, aínda que se cometan erros de pronuncia.		
CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos e moi elementais intelixibles aínda que se cometan erros.		
CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo erros de pronuncia.	TI	72
CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.	Facerse comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas moi breves e simples.		
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar suficientemente cando menos no 50% das veces. Pedir repeticións sempre que o precise.		
CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	Comprender e dar a comprender información sinxela cando menos no 50% das veces.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Ter consciencia dalgunhas das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría.		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menú, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitir eficazmente a información, cando menos no 50% das ocasións.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Ter consciencia da totalidade das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría facendo uso dos recursos oportunos.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Comparar e contrastar, cando menos, as similitudes e diferenzas máis básicas e evidentes (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas moi básicas...).		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Facer unha autoavaliación dos seus progresos de maneira aproximada á realidade e ser quen de aplicar algunhas das estratexias traballadas para mellorar a súa competencia comunicativa.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer o 50% dos estereotipos, rexeitando o 100% dos discriminatorios e prexuízos. De forma guiada, explicar satisfactoriamente o 50% dos casos de diversidade que se presenten.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	Amosar respecto cara a diversidade de xeito habitual.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Evitar estereotipos de xeito habitual. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar as convencións máis básicas adecuadamente, cando menos no 50% das ocasións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día). - Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos). - Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación. - Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos). - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.

Contidos

- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada está deseñado para alcanzar o nivel A1.1 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas. Propóñense actividades con metodoloxía activa e participativa na que o alumnado se converta no protagonista do procedemento de ensinanza-aprendizaxe. O obxectivo é que o alumnado adquira unha sólida base en lingua francesa e descubra á súa vez a cultura e os temas de interese dos adolescentes do mundo francófono da súa idade.

Empregaremos unha metodoloxía de tipo accional na que o coñecemento se vai adquirindo de xeito progresivo. O alumnado vai construindo a súa saber e competencias para adaptarse a novas situacións en novos contextos. Para iso vai adquirindo competencias léxicas, gramaticais, fonéticas e socio-culturais que deberá reutilizar e poñer en práctica para conseguir realizar tarefas. Este savoir-faire baséase nos principios metodolóxicos da progresión en espiral, establecidos por Jérôme Bruner.

Ponse o acento sobre a interacción para conseguir unha aprendizaxe máis dinámica e o máis auténtica posible na clase de francés.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de exercicios formato papel (cahier d'exercices: Transit 1)
Fichas/fotocopias
Páxinas web de acceso libre para o exercicio das destrezas: TV5 Monde

Caderno de exercicios en formato papel para cada alumno/a

Fichas formato papel/ fotocopias proporcionadas polo/a docente (material de elaboración propia)

Recursos web de acceso libre contextualizadas no ámbito francófono que permiten a visualización de vídeos, reportaxes, escoita de audios e actividades en formato dixital para o traballo en grupo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as primeiras semanas de clase adicaremos unha ou varias sesións a facer actividades de avaliación inicial que sirvan para comprobar en que medida o alumnado executa as competencias necesarias para o seguimento da programación. Os instrumentos para realizar dita avaliación pode ser un ou varios dos seguintes:

- Observación sistemática.
- Cuestionario oral.
- Análise de producións escritas.
- Proba específica.

Unha vez corrixidas as actividades de avaliación inicial atendendo aos criterios de cualificación, entendidos como os referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades a que se refiren os obxectivos do curso anterior, o docente contará cunha referencia para adecuar o nivel de esixencia ao nivel de competencias rexistradas no alumnado.

Asemade, grazas a esta avaliación inicial, o docente obterá a información pertinente para, unha vez contrastada cos outros membros da xunta de avaliación inicial, decidir que medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade deberá aplicar.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	15	25	25	100
Proba escrita	42	35	35	35	35	28	34
Táboa de indicadores	58	65	65	65	65	72	66

Criterios de cualificación:

A avaliación será continua ao longo do curso, por entender que as características da materia non permiten un fraccionamento dos contidos, sendo a comunicación nunha lingua estranxeira o obxectivo da aprendizaxe e non o estudo da lingua en si.

Os diferentes instrumentos a empregar para a realización dos diversos tipos de avaliacións serán os seguintes:

a) Os exames, nos que avaliaremos as 4 destrezas recollidas no Marco Común Europeo de Referencia (expresión oral, expresión escrita, comprensión oral e comprensión escrita). Empregaremos diferentes procedementos para a súa valoración, rúbricas e as propias probas escritas.

b) Traballos. Ao longo de cada trimestre o docente propondrá tarefas relacionadas cos contidos das unidades. Na escolla das tarefas, teremos en conta a heteroxeneidade do alumnado. Por iso, propondránse tarefas que respondan aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe.

Tendo isto en conta, as porcentaxes para a obtención das cualificacións serán as seguintes:

60%: resultados obtidos en probas de índole escrita ou oral avaliadas segundo diferentes instrumentos, tales coma exames, tests e rúbricas.

40%: entrega puntual e coherente de tarefas avaliadas mediante rúbricas (táboas de indicadores). A cualificación mínima para lograr superar a materia será de 5 puntos obtidos nunha escala do 1 ao 10.

Dado todo o comentado anteriormente, establécese que o peso dos trimestres no total anual sexa o seguinte:

1er trimestre: 20% da cualificación final

2º trimestre: 30% da cualificación final

3er trimestre: 50 % da cualificación final

Ademáis disto, temos que aclarar os dous puntos seguintes:

- Criterios de redondeo: A nota final de cada trimestre será redondeada cara arriba a partir de 0,5 segundo o criterio do profesorado, sempre que o alumno/a traballase e participase activamente na materia.

- Utilización de métodos fraudulentos: O alumnado obterá unha nota de suspenso na proba ou actividade se se demostra que utilizou métodos fraudulentos durante a súa realización.

Criterios de recuperación:

Dada a natureza progresiva da materia, non haberá probas específicas de recuperación. O alumno ou alumna recuperará unha avaliación cualificada negativamente se supera as avaliacións posteriores.

Segundo a ORDE do 3 de maio de 2023 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/22 a sesión da terceira avaliación parcial da educación secundaria obrigatoria deberá coincidir coa avaliación final. Por tanto, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva no mes de xuño terá a posibilidade de superar a materia por medio dun exame final no que se lles examinará das seguintes destrezas:

- expresión escrita
- coñecemento da lingua
- comprensión escrita.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente e que non a curse no presente ano escolar, será avaliado (excepcionalmente) pola xefa do departamento mediante a elaboración dun boletín trimestral.

Aprobará a materia o alumno/a que acade un mínimo de 5 puntos. No caso de non ser así, haberá unha proba escrita na que o alumnado deberá responder a un exame do total da materia, tendo que acadar un mínimo de 5 puntos.

Todo o alumnado coa materia pendente recibirá unha atención individualizada adaptada ás súas necesidades. Farase un seguimento do seu progreso e dificultades co obxectivo de favorecer a aprendizaxe e a cualificación positiva.

6. Medidas de atención á diversidade

Para a elaboración das medidas a adoptar en cuestión de atención á diversidade, o Departamento terá en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Neste eido será o departamento/profesor xunto co Departamento de Orientación quen examine e elabore os plans e procedementos específicos de atención á diversidade, tendo especial conta de detallar os criterios e procedementos específicos para atender a este tipo de alumnado, facendo fincapé esencialmente no Alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEEs).

A identificación e a valoración das necesidades educativas deste alumnado realizaranse, o máis tempranamente posible, por profesionais especialistas e nos termos que determinen as administracións educativas. Neste proceso serán preceptivamente oídos e informados os pais, nais, tutores ou titoras legais do alumnado. As administracións educativas regularán os procedementos que permitan resolver as discrepancias que poidan xurdir, sempre tendo en conta o interese superior do menor e a vontade das familias que mostren a súa preferencia polo réxime máis inclusivo.

Contamos, , a grandes rasgos e en xeral coas seguintes necesidades de atención educativa máis frecuentes:

- derivadas de discapacidade (física ou psíquica)
- derivadas de trastornos de conduta
- derivadas de dificultades específicas de aprendizaxe
- atraso madurativo
- trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación
- trastornos de atención ou de aprendizaxe
- descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe
- situación de vulnerabilidade socioeducativa
- integración tardía no sistema educativo español ou con condicións persoais ou de historia escolar
- con altas capacidades intelectuais

Co gallo de responder a diversidade das personalidades e maneiras de aprender de cada alumno tomaranse as medidas seguintes:

- Diagnóstico inicial sobre as capacidades que consideramos necesarias para enfocar o proceso de ensino e no caso readaptar certas actividades.
- Adecuación das actividades e da distribución temporal ó ritmo de traballo dos alumnos/as na medida do posible.
- Reparto das tarefas no traballo en equipo en función do estilo cognitivo e das capacidades dos alumnos/as.
- Variedade nas actividades en cuanto a contidos, nivel e motivación así como diferentes tipos de avaliación.
- Fomento da autoestima no seguimento personalizado e da adquisición de certa autonomía no que o alumno pode facer a súa propia reflexión sobre o seu aprendizaxe.
- Fomento dun clima apropiado ó aprendizaxe e da cooperación entre o alumnado.

- Exercicios de reforzo e recuperación diversos tales como:

- Fichas de diversidade colectiva nas que sendo o obxectivo da actividade o mesmo para todos, pode acadarse de dous o tres maneiras distintas e desemboca nunha posta en común e reflexión colectiva.
- Fichas de diversidade para a práctica individual que proporcionan algúns caderniños especiais para alumnos que o desexen ou o necesitan con contidos referentes a comunicación, fonética, gramática, etc.
- Actividades que poden servir de reforzo o de ampliación segundo o caso.
- Tarefas globais propostas e realizadas polos alumnos coa axuda e pautas do profesor que integran as competencias básicas.
- Material diverso personalizado polo profesor que atende ós distintos grados de dificultade e de motivación que presenta o alumnado (dossier sobre cancións, publicidade, secuenciacións de programas televisivos, xogos, uso de recursos da Internet, etc.).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura para a mellora da comunicación en lingua francesa	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Fomento do espírito crítico e científico-ambiental	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Acción polo clima					X	X

Observacións:

Segundo o artigo 24.5 da LOMLOE, deben traballarse os seguintes elementos transversais: comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, competencia dixital, emprendemento social e empresarial, fomento do espírito crítico e científico, educación emocional e en valores e creatividade (obrigatorios en todas as materias). Fomentárase tamén a educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual), a formación estética, a igualdade de xénero (obrigada polo currículo) e a cooperación entre iguais.

O currículo de secundaria engade no artigo 18: educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos e educación para o consumo responsable e para o desenvolvemento sostible, tendo en conta os obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel expostos na Axenda 2030. Estes contidos desenvólvense cando menos nunha das 7 unidades didácticas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas extraescolares a espectáculos culturais	Saída cultural e visionado de filmes en VO ou en VOSE ou presenciado de representacións teatrais			X

Observacións:

Organizaranse, dentro do posible, se o tempo o permite, algún visionado de películas francófonas. Poden xurdir outras actividades sen confirmar ao longo do curso e valorarase a posibilidade de participar nelas segundo os intereses formativos das mesmas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O docente aporta materiais auténticos e vencella as súas explicacións a exemplos da vida cotiá.
O docente presenta os obxectivos e criterios de cualificación ao alumnado antes de cada unidade.
Metodoloxía empregada
O docente explica de xeito claro e conciso.
O docente aporta material axeitado á temática.
O docente aporta exemplos suficientemente claros.
O docente vela pola claridade das súas explicacións recurrido a repetilas as veces necesarias.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O docente amósase predisposto a axudar ao alumnado sempre que fór necesario e vela pola consecución de bos resultados.
Medidas de atención á diversidade
O docente proporciona material específico para o alumnado ACNEEs.
O docente organiza as sesións axustándose aos tempos, necesidades e estilos de aprendizaxe do seu alumnado.
Clima de traballo na aula
O docente fomenta e favorece a motivación, a participación, a implicación e a autonomía do alumnado.
O docente fai reflexionar ao seu alumnado sobre os contidos vistos en cada unidade.
O docente favorece un clima de aula respectuoso e favorable á aprendizaxe.

Descrición:

Resulta esencial facer un seguimento crítico e obxectivo do proceso de ensinanza-aprendizaxe e da propia práctica docente. A finalidade disto é enriquecer e mellorar tanto a súa labor coma o proceso de aprendizaxe do seu alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación levarase a cabo polo propio docente ao rematar cada unidade didáctica. O Departamento de francés tamén realizará o seguimento e a avaliación da programación nas reunións mensuais. Tendo en conta todas as anotacións recollidas nestas reunións, aplicaranse as medidas necesarias.

Asemade, ao finalizar o curso, a xefatura de departamento redactará a memoria final onde se recollerán, ademáis dos resultados académicos, as propostas de mellora para o curso seguinte.

9. Outros apartados